

## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2022/7	O Pleno

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	2 de xuño de 2022
<b>Duración</b>	Desde as 21:09 ata as 21:43 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
<b>Presidida por</b>	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS
<b>Secretaria</b>	MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[REDACTED]	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	NON
[REDACTED]	DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ (Informático)	SÍ
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	NON



	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	M <sup>a</sup> DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

#### A) PARTE RESOLUTIVA

#### APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 5 DE MAIO DE 2022

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 5 de maio de 2022, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Antes de pasar á parte de Actividade de Control o **Sr. Alcalde** pregunta se algún dos grupos políticos municipais ten algunha moción de urxencia para ser tratada; non habendo continúase coa orde do día.

#### B) ACTIVIDADE DE CONTROL

#### DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 2 E O 13 DE MAIO DE 2022 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUIDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 2 e o 13 de maio de 2022 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2022-0584 ao número 2022-0634, (ambos os dous incluídos).





A Corporación en Pleno queda sabedora.

### C) ROGOS E PREGUNTAS

Comeza con esta quenda o voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, preguntando, en primeiro lugar, cales son os motivos polos que se vai a renovar o mobiliario urbano, cando o actual está en perfecto estado de conservación, así como cal vai a ser o destino do mobiliario substituído.

Responde o **Sr. Alcalde** de que o motivo é que, debido á transformación urbanística da zona central da nosa vila e a petición da ACOE, preténdese dar un pulo á rúa principal comercial mediante a colocación de novos asentos, papeleiras e xardiñeiras a través dun deseño ambicioso e exclusivo co fin de dar homoxeneidade; polo tanto, o novo mobiliario vai destinado ás rúas Ulla, Calvo Sotelo, Serafín Pazo e ás prazas de Galicia e da Constitución. En canto ao mobiliario actual será colocado en outras zonas do casco urbano, existindo xa peticións veciñais para elo.

O **Sr. López Bueno** considera que non ten moito sentido retirar os bancos de pedra existentes na actualidade na rúa Calvo Sotelo e que se atopan en perfecto estado, por outros que custan dez mil euros a unidade, por moi exclusivos que sexan; sen esquecer que este tema non foi levado á Mesa de Mobilidade. Espera, en todo caso, que o mobiliario que se retire non remate esquecido detrás do edificio da Fundación do Moble.

Formula outra pregunta sobre as obras paralizadas para o arranxo dos baños da Estación de Autobuses, querendo saber se se retomaron ou hai algunha previsión para elo.

O Sr. Alcalde, para contestar a esta pregunta, concede a palabra ao Concelleiro delegado de Rural e Medio Ambiente, **D. Juan M. Constenla Carbón**, quen informa que as obras causantes de que o persoal municipal suspendera o arranxo dos baños da Estación de Autobuses rematarán os vindeiros días, polo que pronto retomarán os ditos traballos.

O **Sr. López Bueno** espera que sexa certo. Continúa formulando varios rogos, así, en relación cos queixas presentadas pola veciñanza de A Quenlla - Arnois ante o estado no que se atopa o camiño que transcorre polo dito lugar e da necesidade de recolocar unha cuneta de dito vial e que está máis alta que a calzada, prega que se dea cumprimento a esas peticións, sobre todo tendo en conta o compromiso adquirido polo grupo de goberno fai uns meses en relación a este problema cos veciños e veciñas de dito lugar.

Lembra que se ten solicitada fai dos meses unha reunión sobre o estado dos distintos proxectos de parques eólicos que afectan ao noso concello, pedindo que non se esqueza esta petición ante a importancia que supón trasladar aos nosos veciños e veciñas afectados unha información veraz.

Ante a existencia de "okupas" no antigo Centro de Saúde, prega que o goberno municipal se preocupe por ese asunto e lle dea traslado ao Ministerio para que este tome as medidas pertinentes.

Pide que, na contorna do establecemento "Invictus" sito na Avda de Santiago (preto da rotonda), sexa repintando o paso de peóns e que, por mor das obras efectuadas, foi eliminado.

Con motivo do estado no que se atopan as arquetas de plástico existentes na parte inferior da Avda de Santiago, pide que sexan substituídas, xa que están causando accidentes entre os viandantes.



No que respecta ao aparcadoiro do Teatro, di que existe unha única entrada e que serve ao mesmo tempo de saída, polo que propón que se adecúe o espazo existente ao carón para que sirva de vía de saída deste aparcamento e así evitar enfascamentos entre os vehículos.

Toma a palabra a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dña. Mar Blanco Casais**, quen, en primeiro lugar, súmase á petición do grupo de socialista para que se celebre unha xunta de voceiros para tratar o tema dos parques eólicos; e, en canto ao parque de Touriñán, prega que pola empresa encargada de analizar os impactos dos parques eólicos e recibir alegacións, que efectúe un análise profundo do impacto de o de Touriñán, sobre todo na Rapa das Bestas.

Prega que se avance canto antes cos traballos de desbroce das pistas e cunetas, tanto no casco urbano como no rural.

Sobre a unha noticia que saíu recentemente na prensa relacionada cunha reunión mantida entre o Concello e os feirantes sobre a situación dos seus postos de venda, pregunta si, unha vez rematadas as obras da Praza da Feira, a feira dos mércores volverá a este espazo ou ben será reubicada noutras rúas.

Contesta o **Sr. Alcalde** que, en relación cos desbroces, se está a seguir co calendario habitual e que está condicionado á celebración das festas patronais de cada parroquia e, en canto ao casco urbano, os traballos faranse quince días antes das festas de San Paio.

Respondendo á pregunta sobre os feirantes, informa que houbo esta semana unha reunión con eles, así como outra coa policía local e técnicos municipais, para a colocación das atraccións das Festas de San Paio e da feira dos mércores. Di que a idea é que, unha vez rematadas as obras, a feira volva a celebrarse na Praza da Feira. Comunica, así mesmo, que se ten previsto o remate das obras o 16 de xuño que ven, así que se estreará coa concentración de motos clasificatoria para o París Dakar e, posteriormente, coa instalación das atraccións de feira e que tamén se colocarán na parcela colindante desta Praza, para elo se está en charlas cos seus propietarios. Informa tamén que os técnicos municipais están a traballar para a instalación do mobiliario urbano de xeito que non dificulte a colocación dos postos de venda os días de feira.

Por último a **Sra. Blanco Casais** lle pasa a palabra ao concelleiro do seu grupo D. Iván M. Sanmartín Eirín.

Interrompe o **Sr. López Bueno** para dicir que é sabedor que se está a modificar a Ordenanza reguladora da Venda Ambulante, polo que pregunta se nesta se inclúe xa a nova ubicación da feira.

O **Sr. Alcalde** lle contesta que iso aínda no está decidido, pero o ideal sería que se tivera unha Ordenanza que regulase a actividade de venda ambulante incluíndo a súa situación e o espazos a ocupar polos postos e polos vehículos de carga e descarga da mercancía.

Finalmente di que espera que os cambios se produzan da mellor maneira posible e a satisfacción de todos os feirantes, así como contar o antes posible cunha Ordenanza que regule esta actividade.

Intervén o **Sr. Iván M. Sanmartín Eirín**, concelleiro do grupo municipal de MOVETE, para trasladar a petición dunha veciña de Escariz - Nigoi en relación á colocación, no seu día, dun poste de luz sobre un piso de cemento da súa propiedade co conseguinte dano, solicitando que se lle arranxe.

O **Sr. Alcalde** di que é coñecedor deste problema, levándose unhas cantas semanas intentando resolvelo de xeito que sexa satisfactorio para a veciñanza e para esta veciña.



Toma a palabra a voceira do grupo municipal Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, quen, en primeiro lugar, prega que se arranxe novamente a estrada que atravesa Souto de Vea pero, esta vez, dun xeito máis efectivo para que non se dane tan rapidamente e aguante ata que se proceda ao seu arranxo definitivo contemplado no Plan de Asfaltado.

Pide que sexa asfaltada a pista que vai dende San Bartolomeu (San Xiao de Vea) a Ribeira (Sto. André de Vea), camiño que cada vez está menos transitable ante o seu estado de abandono.

Prega que sexa eliminado un vertedoiro de fecais existentes na senda verde que pasa por Liñares, ao fronte da praia fluvial, xa que a tapa do sumidoiro cedeu e está a desbordarse as augas fecais sobre o camiño.

Traslada un rogo da veciñanza de A Quenlla - Arnois para que se proceda á limpeza das cunetas da estrada que atravesa este lugar, e tamén que se faga un paso para os peóns e para as persoas con mobilidade reducida. Así mesmo, e na mesma pista, hai un tramo onde ao seu carón se fixo un recheo de terra que invade a calzada e que pode ser obxecto de accidentes, polo que debería solucionarse ese problema, ao igual que se solucione o problema da sucidade que leva o rego. Ante o anterior, pide que se lles dea resposta aos veciños e veciñas deste lugar de Arnois para solucionar os problemas plantexados.

Para finalizar, lembra que en varias sesións plenarias solicitara unha vista ao Museo, polo que pregunta se ten prevista unha data para efectuala, porque lle interesa moito ver o estado dos fondos así como se se arranxaron os problemas de humidade que existían no edificio. Pide que neste momento se lle dea unha data o prazo para efectuar a visita ao Museo.

O **Sr. Alcalde** lle informa que no vindeiro mes de xullo poderíase efectuar esa visita ao Museo, cuestión pendente que se ten coa corporación.

En canto aos problemas transmitidos pola veciñanza de A Quenlla - Arnois, durante o día de mañá achegarase por alí o Concelleiro delegado de Rural, pero traslada que esa pista está incluída nun Proxecto de Asfaltados próximo a licitar, non sabendo se neste proxecto están recollidas todas as cuestións apuntadas pola voceira do grupo Mixto (BNG) pero, en caso de que non estean recollidas, serán incorporadas.

En canto ao camiño de Souto de Vea, di que está incluída no dito Proxecto de Asfaltados, xunto con outros viais desta parroquia.

Non habendo máis intervencións polos membros da corporación, o **Sr. Alcalde** pregunta, en cumprimento do disposto no Regulamento de Participación Cidadá, se algunha das persoas asistentes como público quere presentar algunha pregunta ou rogo.

Pide a palabra a **Sra. Balbina Martínez Ramallal** (DNI [REDACTED]) para dicir que o día de hoxe foron a rozar detrás das casas da Avda da Torre, pero un anaco moi pequeno, preguntando se só será eso o van a rozar máis, cumprindo así cos 50 metros sinalados por Lei, e podar os carballos a 10 metros.

Responde o **Sr. Alcalde** que durante o día de hoxe se está aínda cos traballo de identificación dos propietarios dos terreos obxecto dos conflitos, xa que en Catastro están ditas parcelas como propietarios descoñecidos, pero se está en investigación; mentres tanto fíxose unha labor preventiva de poda das ramas do carballo que invadían a beirarrúa, así como unha limpeza do perímetro de seguridade (3 metros) na contorna das vivendas para evitar danos nas propiedades que ocasiona a maleza. Pero, mentres tanto, se está a seguir co procedemento que xa sinalou na sesión plenaria do pasado 5 de maio, e co fin de





facer a limpeza da finca en execución subsidiaria e previas as autorizacións pertinentes.

Non habendo máis intervencións, procédese a levantar a sesión.

*Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.  
De todo o anterior faise cumprimento.*

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 7RX6LJAY3PGYSFNJYXPWC3CZ | Corrección: <https://aesстрада.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6